



Concello da Coruña

BASES DO TORNEO DE XADREZ NA PRAZA DE MARÍA PITA



TORNEO PEQUEÑOS XIGANTES



23 DE MAIO DE 2026



1. OBXECTIVO DO XOGO

O torneo, promovido polo Concello da Coruña, é unha idea orixinal da Fundación RMD e da Asociación Chess4aBetterWorld.

Ten como un dos seus obxectivos transmitir os valores de respecto e coidado do Medio Ambiente, utilizando como vehículo para iso un taboleiro de xadrez xigante realizado mediante a reciclaxe de 50 pneumáticos fora de uso. Un exemplo de economía circular e de que é posible converter un residuo en algo bonito e funcional, outorgándolle unha nova vida.

Outros dos obxectivos do torneo é a mellora, a través do xadrez, do desenvolvemento educativo e persoal dos/as participantes. A formación e o deporte para a mellora das súas competencias cognitivas e sociais.

O compañeirismo, o xogo en equipo, a competitividade e a representación de cada colexio e da súa identidade no torneo, son tamén obxectivos do torneo.

Por último, os 4 equipos que cheguen á semifinal poderán participar nun torneo a nivel nacional en representación da cidade da Coruña.

2. NÚMERO MÁXIMO DE EQUIPOS: 32

3. IDADES DAS PERSOAS PARTICIPANTES: entre 6 e 12 anos.

Pódense **mesturar nenas e nenos de diferentes clases e grupos** dentro dun mesmo centro de ensino.

4. PERSOAS COMPOÑENTE DE CADA EQUIPO: 6 nenos e nenas, acompañados dun adulto responsable.

As partidas serán xogadas por un máximo de 4 xogadores/as á vez por cada equipo e terán que poñerse de acordo para realizar os movementos. Trátase dun xogo colaborativo.



5. MÉTODO DE XOGO

Todas as partidas disputaranse polo sistema de “rápidas”. É dicir, cunha duración máxima de 30 minutos, tendo cada equipo un máximo de 10 minutos + 3 segundos de incremento por movemento.

Os cuartos, a semifinal e a final xogaranse polo sistema Armagedón: 11 + 3 brancas e 9 + 3 negras.

O tempo será controlado por un reloxo situado nunha mesa ao lado de cada taboleiro, que será accionado polo xogador/a que realizará o movemento

Se un equipo esgota o tempo antes do final da partida, terá perdida a partida.

Aínda que se disporá de árbitros, o control das partidas farase de forma consensuada polas persoas responsables de cada equipo facilitando o *fair play*.

Cada xogada será consensuada entre os/as 4 xogadores/as de cada equipo, sendo executada solo por un/ha de forma alternativa. É dicir, cada xogada será realizada por un xogador/a distinto que irá rotando.

Peza tocada, peza movida.

Os/as xogadores/as deberán permanecer fora do taboleiro ata que realicen os movementos da peza, permitíndose soamente a entrada no taboleiro do/a xogador/a que vaia mover a peza.

Os/as nenos/as xogan solos/as, de tal forma que as persoas acompañantes non poden intervir no xogo.

O/a árbitro ten a obriga de informar ás persoas participantes sobre o regulamento do xogo cando sexa preguntado.

Nas fase previa soamente se permiten 3 xogadas ilegais completadas. O equipo que realice unha 4 xornada ilegal completada perderá a partida.



Na fase final, as xogadas ilegais completadas redúcese a 2, perdendo a partida á terceira xogada ilegal.

O comezo e final de cada partida comunicarase por megafonía cunha sinal acústica, e irase informando do tempo restante polo mesmo medio.

A cor das pezas sortearase ao principio da partida.

A vitoria outorga 4 puntos. As táboas 2 puntos e a derrota 1 punto.

No caso de empate, resolverase polo resultado do enfrontamento directo entre os 2 equipos. Se houbese sido tablas, resolverase a favor do que xogou con pezas negras.

No caso de tripla empate actuarase igual. No caso de que persista, realizarse un torneo relámpago con partidas de 5 minutos.

Fases do xogo:

1º Liga previa de equipos- Todos os equipos.

2º Cuartos de final – 8 Equipos

3º Semifinal – 4 Equipos

4º Final – 2 Equipos

A única partida que se xogará sobre o MegXadrez é a final, que é a única na que solo xogarán 2 equipos.

Esta fase xogarase mediante o sistema Armagedón no que as brancas están obrigadas a gañar, pero con 2 minutos mais de tempo que as negras. É dicir, pasamos de 10+3 (tempo da fase clasificatoria) a 12+3 para as pezas brancas. No caso de empate, a vitoria sería para as pezas negras.



6. REGALOS

Cada participante recibirá de agasallo, por participar no xogo, un kit de benvida e algunha sorpresa mais.

Os 4 equipos finalistas recibirán unha medalla para cada participante e un trofeo para todo o equipo.

7. HORARIO DE ACTIVIDADES

09:15 horas. Presentación formal e entrada dos kits (*) a nenas e nenos.

() Os/as nenos e nenas participantes terán de regalo un kit de mochila, cantimplora, camiseta, gorra e un lapis infinito).*

10:00 horas. Inicio da ronda 1

10:40 horas. Inicio da ronda 2

11:20 horas. Inicio da ronda 3

12:00 horas. Inicio de ronda 4

12:40 horas. Inicio de ronda 5

13:20 horas. Inicio de ronda 6

PAUSA PARA COMER ATA AS 16:00 HORAS (*)

() O Servizo Municipal de Educación entregarlle aos menores participantes bocadillos, auga e froita ou iogures para que poidan comer. Non obstante, as familias, se así o desexan, poderán recoller os menores na hora da comida e entregalos de novo para continuar co xogo.*

A hora de recollida será sobre as 14:00 horas e de volta ao xogo ás 15:45 horas.

Unha vez inscritos/as, realizarase unha comunicación cos colexios para dar as instrucións oportunas ao respecto.



16:00 horas. Inicio de ronda 7

16:40 horas. Inicio de cuartos de final + 1ª ronda de clasificación (postos 9 a 32).

17:20 horas. Inicio de semifinais + clasificación de postos 5 ao 8 + 2ª ronda de clasificación postos 9 a 32.

SUPER SORTEO! PARA TODAS AS PERSOAS ASISTENTES

Máximo 500 papeletas a entregar entre o público asistente e os/as menores participantes

18:00 horas. Inicio da final

19:00 horas. Entrega de premios

19:30 horas. Final do evento

8. INSCRICIÓN

Ata o **8 de maio de 2026**, a través do correo electrónico educacion@coruna.gal , indicando:

- Centro de ensino.
- Número de equipos que presenta.
- Nome, apelidos, curso de cada menor e talla. Así como alerxias, intolerancia alimentaria ou outro tipo de observación a ter en conta.
- Representante adulto de cada equipo.